

PROPOSTAS DIDÁCTICAS

8 de marzo

DE 0 A 3 ANOS

En pequeno grupo:

1- Falamos dos oficios do cinema.

Clasificamos os disfraces segundo os oficios:

actriz, directora, produtora, fotografía, son, guión, ...

Disfrazámonos e gravamos unha toma.

2- Proxectamos a gravación realizada

DE 3 A 6 ANOS

Que vou ser de maior?

1º Na asemblea facemos chuvia de ideas e realizamos análise sobre que sabemos en relación ao cine (cámaras, cadeiras, espectadores, actrices e actores, director/a, etc.).

2º Traballamos as profesións por recunchos, tendo en conta a igualdade de xénero e que homes e mulleres poden desempeñar iguais profesións. Teremos o recuncho do cine, e as correspondentes profesións: actor/actriz, directora/director de cine, o/a guionista, produtor/a, realizador/a, localizador/a, director/a de fotografía, operador/a de cámara, entre outros. Outros posibles recunchos, serán o de profesións sanitarias, o de profesións de educación, o de perruquería, o de supermercado, o de ciencia e investigación, o recanto da profesión favorita (onde cada un e cada unha selecciona o que máis lle gustaría ser), etc.

Cada neno/a xogará a desempeñar a profesión que máis lle guste, podéndose disfrazar de cada profesión.

3º Como en todo filme, non poden faltar os flocos de millo!

Facemos agrupacións de distintas consonantes do abecedario, así como sílabas inversas, directas, trabadas e os diferentes sinfóns para estimular a linguaxe oral nos nenos e nenas.

DE 6 A 9 ANOS

Unha vida de cine.

Dividimos a clase en dous grupos e dáselles a mesma foto dun bebé, pero o alumnado non saberá que teñen a mesma. Ao grupo A diráselles que o bebé se chama Luis e ao grupo B que se chama Luisa.

Entre todos e todas, terán que responder a preguntas sobre o bebé: que color lle gustará máis, con que xogará cando creza, que roupa se porá, a que actividades extraescolares se apuntará, a que se dedicará (profesións relacionadas co mundo do cinema), etc.

Posteriormente farase unha posta en común e faremos que ambos equipos compartan as fotos, para que comprobén que teñen a mesma.

A idea é que o alumnado recoñeza estereotipos asociados a cada xénero favorecendo a oportunidade de traballar a coeducación dentro da aula.

PROPOSTAS DIDÁCTICAS

8 de marzo

DE 9 A 12 ANOS

Obradoiro de literatura

Nesta actividade imos dicir cousas bonitas das mulleres. Cada alumna e alumno vai recitar unha poesía para unha muller da súa familia: nai, avoa, filla, amiga, ...

Imos ver un par de vídeos para que collan ideas nunha sesión e para a seguinte a traerán feita da casa con axuda das familias. Haberá que pensar en calidades que teña cada unha de elas, afeccións, cousas que fagan ben, ...

Imos escoitar un poema de Mario Benedetti, Non te rendes, recitado por María Escámez:

<https://www.youtube.com/watch?v=C3T9TT8OHKg>.

DE 12 A 15 ANOS

Dirixe o teu filme con guión feminista

Imos realizar un novo proxecto de traballo no que pescudemos para coñecer e recoñecer o valor das mulleres pioneiras no cinema. Cantas mulleres coñecemos? Damos uns días para a investigación. Unha vez realizada propoñemos buscar información e traballar sobre: Elena Jordi (1882-1945), Sherry Lansing(1944), Mattie McDaniel (1895-1952), Kathryn Bigelow (1951), Rosario Pi (Barcelona 1899 - Madrid 1967). Algunha ou algún coincidirá con estes nomes propostos?

Unha vez buscada a información facemos unha posta en común sobre a importancia de cada unha de elas.

Vemos un vídeo sobre mulleres pioneiras do cinema <https://www.youtube.com/watch?v=SUccOXebveU>

Facemos un debate: a que cren que é debido o pouco recoñecemento da muller no cine?

Para rematar, escribimos no encerado: "Nunca me preguntan se podo coa miña filla de 7 anos en brazos pero si podo cargar coa cámara si" . Almudena Sánchez.

Preguntamos que cren que significa "Profesións masculinizadas".

Posteriormente debatemos en clase a que é debido que determinadas profesións teñan poucas mulleres e que solucións propoñen para que non sexa así.

PROPOSTAS DIDÁCTICAS

8 de marzo

DE 15 A 18 ANOS

1. Separaremos ao alumnado en grupos e iniciaremos unha lectura dun fragmento do libro de Carmen G. de la Cueva, Mamá, quiero ser feminista. Trala lectura, cada grupo terá que consensuar e anotar tres palabras que lles suxire a lectura. Abrirase unha quenda de palabra na que cada grupo explicará por que elixiu esas tres palabras e cal é a súa relación co texto.

2. Unha vez finalizado o debate, veremos o documental GRL PWR sobre Elena Martín, nova directora de cinema e actriz, que poderemos atopar en <https://www.rtve.es/playz/videos/grl-pwr/grl-pwr-elena-martin/4559157/>.

3. Tras o visionado, os distintos grupos, utilizando o folio xiratorio, terán que anotar os distintos roles femininos que consideran que ten a muller actualmente no mundo laboral, realizando, ao mesmo tempo, unha reflexión sobre onde se ven eles e elas nun futuro.

4. A continuación realizarase unha posta en común sobre o anotado no folio xiratorio de cada grupo e amosarase a seguinte foto do calendario Mulleres no Cine, correspondente ao mes de marzo, amosando a información relevante sobre elas e os seus logros profesionais e persoais (<https://moviefit.me/es/persons/128896-jutta-bruckner>, <https://www.seminci.es/jurado/deepa-mehta/>, <http://www.marialuisabemberg.com/biografia.html>, <https://www.dccine.org/hana-makhmalbaf>).

5. Como actividade final, os grupos terán que buscar información sobre outras mulleres relevantes no mundo do cine, prestando especial atención a aquelas que foron pioneiras no pasado.

PRODUTO FINAL: Os distintos grupos deberán realizar unha presentación en <https://genial.ly/es/>, que terán que expoñer ao resto de compañeiros na aula.

Esta proposta didáctica pódese realizar de forma interdisciplinar e dende calquera materia, incluíndo as áreas de linguas estranxeiras.

PROPOSTAS DIDÁCTICAS

8 de marzo

PERSOAS ADULTAS

Ecofeminismo. Sabes o que é?

Temos algunhas urxencias nesta crise civilizatoria na que nos atopamos. A pregunta é: Podemos protexer o planeta e a vida sen rematar co machismo? Propoñemos partir desta pregunta para provocar unha reflexión conxunta. Engadimos dous enlaces con diferente complexidade a dous artigos que nos poden facilitar a reflexión e o debate.

https://www.miteco.gob.es/es/ceneam/articulos-de-opinion/2010_06pascualyherrero_tcm30-163649.pdf

<https://www.rtve.es/noticias/20211205/objetivoigualdad-yayo-herrero-patriarcado-da-papelcuidadoras/2234680.shtm>

Podes propoñer algunha acción que axude a protexer o planeta e a vida e ao mesmo tempo

fomente a igualdade e a loita contra o machismo?

Esta pode ser a pregunta que induce á

acción individual e que posteriormente pode ser compartida en grupo facendo un listado

de accións posibles. Se hai algunha acción das compartidas que poda ser desenvolvida no propio espazo de aprendizaxe, poñédea en marcha, e se as que xurdiron son todas para realizalas noutros espazos, animade a realizar algunha e compartila despois.

As consecuencias do machismo na saúde das mulleres.

Quizais nunca te paraches a pensar no que afecta á saúde das mulleres a posición na que o patriarcado nos coloca. Hai diversos estudos que falan das repercusións que ten o machismo para a saúde, non só cando sufrimos violencia de xénero, tamén coa multitarefa constante ou outras condicións vitais asociadas a ser muller.

Investiga os diversos estudos realizados. Podes facer un listado de problemas de saúde

relacionados co feito de ser muller? Podes presentar alternativas á forma en que se abordan estes problemas de saúde dende unha perspectiva feminista?

<https://www.elmundo.es/ciencia-y-salud/salud/2019/03/08/5c815373fc6c834b408b4681.html>
